



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos e créditos extraordinarios), financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2024, actualmente prorrogado do 2023, segundo acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria do 15 de maio do 2024, polo importe total de 74.163 euros, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Capítulo I. Gastos de persoal.....	729.463,00
Capítulo II. Gastos en bens corrientes e servizos	498.615,00
Capítulo III. Gastos financeiros	5.000,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	214.838,00
Capítulo VI. Inversións reais.....	319.545,60
Capítulo VII. Transferencias de capital.....	1.000,00
TOTAL.....	1.768.461,60

Contra o devandito acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 27 de xuño de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1975

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DAS BOLSAS DE EMPREGO PARA POSTOS DE COCIÑEIRO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2024

Pola Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2024 aprobanse as bases que rexerán a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de cociñeiro/a na Escola Infantil ou CEIP de San Cosme, como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HABILES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases das bolsas: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 1 de xullo de 2024.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1984

GUNTÍN

Anuncio

Aprobación inicial da modificación para actualización do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín.

O Pleno do Concello de Guntín, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2024, acordou a aprobación inicial da modificación para actualización do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín e en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Guntín, 28 de xuño de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 1985

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XUÑO 2024

Por Xunta de Goberno Local do día 24.06.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de XUÑO de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 19.07.2024 ata o 19.09.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de xuño de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1976

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 27 de xuño de 2024, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de maio de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 27 de xuño de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1977

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0919 de data 27 de xuño de 2024, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó segundo trimestre de 2023.

Por medio do presente pónse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 04 de xullo ata 03 de setembro de 2024.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 27 de Xuño de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1978